

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA  
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS  
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2018**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 11:00 horas do mércores día 26 de febreiro de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Presuposto de 2017: Peche do exercicio
4. Presuposto de 2018
5. Quenda aberta de palabra

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Mª Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

**ESTUDANTES**

Vázquez Varela	Miguel Ángel
----------------	--------------

**PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cruz Viqueira	Mª Pilar
---------------	----------

**EXCUSA**

Baldomir García	Aitor
-----------------	-------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

## 1. Aprobación de Actas

As actas das sesións previas enviáronse con antelación. Recibíronse comentarios dos profesores Luis Pena e Alfonso Orro. O secretario le as modificacións.

A continuación a profesora Isabel Martínez Lage indica que ten varios comentarios á acta. A profesora propón matizacións á acta en distintos apartados, o secretario vai facendo e lendo os cambios propostos que van a constar finalmente na acta.

Ao respecto da súa contestación ao profesor Diego Carro, a profesora comenta que deberíamos considerar se resultaría máis transparente negociar nos despachos ou nos órganos colexiados (pedindo que conste na acta da sesión).

A profesora Isabel Martínez expón que o tempo lle deu a razón respecto aos tempos da Comisión de Estudo e Análise Estratéxico dado que a primeira reunión foi o 19 de febreiro (pedindo que conste na acta da sesión).

A profesora Isabel Martínez indica que na intervención do profesor Fernando Martínez ela lle comunicou información seis semanas antes e que el indicou na reunión que foron 2 semanas. O profesor Fernando Martínez indica que foron 2 semanas e que non ten recordo noutro sentido. (Ambos solicitan que estes comentarios á acta consten na acta da sesión).

Apróbanse as actas cos cambios propostos.

## 2. Informe do Director

O director comeza co seu informe, trata os seguintes puntos:

- Respecto ao mestrado de enxeñaría aeronáutica estase en fase de reunións coa Universidade de Vigo
- No mes de xuño ou xullo haberá a avaliación do selo de calidade EURACE
- Personal: houbro dúas incorporacións de profesores axudantes doutores: Ana María Vázquez González en Enxeñaría do terro, e Marco Antonio Campo Cabana en Matemática aplicada, e tamén se incorporou Iris González Taboada como contratada interina na área de Enxeñaría da construción
- Tamén hai cambios nos servizos da escola por causa do concurso de traslados do persoal de administración e servizos
- O equipo de goberno da universidade está preparando un cambio normativo sobre a dedicación do profesorado. Isto conducirá a un retraso no PDA e no POD.
- O equipo de goberno vai a levar a oferta de emprego público para o ano 2018, dado que se xubilaron un número importante de profesores vaise solicitar á Xunta de Galicia que saian 10 prazas de contratado doutor, 20 prazas de titular de universidade, 3 prazas de titularidade con acordo co SERGAS, e 23 prazas de catedrático.

O profesor Alfonso Orro, indica que respecto á acreditación EURACE se debería ter coidado e preparar ben toda a documentación para que a Escola saia mellor que en outras avaliacións. Intervén o profesor Juan José Galán, indicando que se pediron unhas fichas e que se van a preparar con coidado, sobre todo no aspecto de proxectos.

### **3. Presuposto de 2017: Peche do exercicio**

O documento enviouse previamente, vai detallando como foi a asignación inicial e como foi evolucionando o gasto, tamén detalla as incorporacións que se foron facendo.  
Apróbase

### **4. Presuposto de 2018**

O director explica o documento enviado, o presuposto total sería de 100000 €. Sinala tamén que se esperan complicacións para a execución do gasto debido á nova lei de contratos, os contratos menores están limitados a 15000 € por proveedor. A UDC está formando ao seu persoal e preparando as aplicacións. É posible que durante un tempo sexa moi difícil facer compras despois da implantación desta lei. Pedíronse aclaracións sobre algúns aspectos da lei á Xunta e ao Ministerio de Facenda.

Indica que periodicamente irá enviando os avances na execución do presuposto da Escola.

### **5. Quenda aberta de palabra**

Intervén a profesora Isabel Martínez sobre as opinións do mestrado de sustentabilidade, indica que o profesor Fernando Martínez manifesta que a proposta está moi pechada e ao mesmo tempo, o profesor José París, indica que está pouco definida. Ela indica que lle gustaría saber como debería ter sido preparada a proposta.

Intervén o profesor José París indica que a proposta estaba pechada e ao mesmo tempo non estaba lista para ser enviada, e ambas cousas non son contraditorias.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 14:00 do 26 de febreiro de 2018

**Vº. Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**